



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de marzo de 2023 (1399/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día nove de marzo de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. O Sr. Aneiros Pereira incorpórase á sesión en modo virtual.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(172).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbese as actas das sesión extraordinarias e urxentes do 20 e 28 de febreiro de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(173).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE GRAVACIÓN E PRODUCCIÓN DAS SESIÓNS PLENARIAS E SUBMINISTRO DE SOFTWARE. EXPTE. 19054/101.

Visto o informe xurídico do 28/02/2023 e o informe de fiscalización do 03/03/2023., dáse conta do informe-proposta de data 28/02/2023, asinado pola xefa da unidade

administrativa da Alcaldía, o xefe do servizo de Admón. Electrónica, a concelleira-delegada da Área de Xestión Municipal e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, e en base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio que consta no expediente, asinado con data 12 de setembro de 2022 pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, que dispón que se inicie expediente administrativo para a contratación por procedemento aberto do servizo para a gravación e produción das sesións plenarias e o subministro de software.

Os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras as seguintes: a) Representar ao Concello e b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

O Pleno, integrado polo Alcalde e polos Concelleiros elixidos mediante sufraxio universal, como órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal, desenvolve segundo artigos 18 e 122 LRBR, importantes atribucións de carácter normativo, de control, xestión e fiscalización.

As sesións plenarias deste órgano municipal celébranse segundo procedemento regulado na normativa local, con carácter ordinario unha vez ao mes e con carácter extraordinario cando así se acorde polo órgano correspondente.

Na sala de plenos é necesario contar cun equipo audiovisual que permita que as intervencións dos membros do goberno local poidan ser seguidas sen problemas polos asistentes. Para elo é preciso a adquisición dun software que posibilita a realización de determinadas tarefas tales como: a gravación e reprodución das actas plenarias e a súa inclusión na web municipal e un servizo de asistencia profesional que o xestione e que garanta que o equipo audiovisual funcione correctamente.

O obxectivo da adquisición deste xestor de contidos e mais do servizo de asistencia que o xestione é dispoñer dunha ferramenta que facilite a comunicación entre as institucións e os cidadáns, mellorando o traballo da administración local, así como a publicación dos contidos de maneira directa e sen intermediarios na mensaxe.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal asinada con data 12 de setembro de 2022.



Concello de Vigo

- Declaracións de neutralidade dos redactores do prego de prescricións técnicas particulares, xefe do Servizo de Administración Electrónica, a xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, con data 1 de decembro de 2022.
- Memoria económica asinada polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, a xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, coa conformidade da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal en data 16 de xaneiro de 2023 e mais polo Concelleiro de Orzamentos e Facenda asinada con data 17 de xaneiro de 2023.
- Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, asinada polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, a xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, asinada el 27 de febreiro de 2023 e coa conformidade da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal asinada en data 28 de xaneiro de 2023.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e mais pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, asinada con data 3 de febreiro de 2023
- Prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Técnica de Administración Xeral coa conformidade da Xefa do Servizo de Contratación con data 28 de febreiro de 2023.

II NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

III.- CONDICIÓN DEFINIDORAS DO CONTRATO

1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do contrato é levar a cabo a contratación das licenzas e equipamento, instalación e posta en marcha, formación e mantemento dos elementos necesarios para posibilitar a xeración dos arquivos audiovisuais, únicos inalterables e certificados das sesións como reflexo literal das deliberacións para a súa incorporación ao libro de actas de Plenos do Concello de Vigo e a súa firma electrónica.

Forma así mesmo parte de este contrato o servizo de asistencia técnica para a produción e realización da gravación audiovisual das sesións plenarias.

Trátase dun contrato segundo necesidades.

2.- Lotes

O contrato non se divide en lotes por razóns técnicas e de eficiencia xa que o sistema debe funcionar coma un todo integrado e unificado. O adxudicatario debe ser quen se encargue da coordinación e integración de todos os elementos para acadar esa infraestrutura, de forma que o interlocutor para o Concello de Vigo sexa único, tanto para o subministro como para o mantemento de todo o sistema.

Polas mesmas razóns técnicas e de eficiencia, o adxudicatario do subministro debe asumir o servizo de mantemento posterior complementario ao subministro, xa que será quen dispoña do coñecemento necesario do sistema no seu conxunto e das interaccións entre os seus diferentes elementos para o seu correcto funcionamento unificado coma un todo. A realización das tarefas de mantemento por un provedor diferente do subministrador inicial pode dar lugar a deficiencias de coordinación, con consecuencias graves que darían lugar a fallos nos servizos, e incluso podería implicar a eliminación de prestacións de funcionalidades inicialmente subministradas como pode ser a firma cualificada.

3.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación

A contratación a realizar cualifícase como contrato mixto de servizos mais subministro segundo necesidades de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 18 e 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Sendo a porcentaxe de servizos o 20% do contrato e a porcentaxe de subministro 80% do importe do contrato.



Concello de Vigo

O contrato adxudicarase por procedemento **aberto** (artigo 156 da Lei 9/2017) mediante múltiples criterios de adxudicación obxectivos en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

O obxecto do contrato podería identificarse cos códigos CPV seguintes:

- 79132100 - Servizos de certificación relacionados coa firma electrónica.
- 30210000-4 Máquinas procesadoras de datos (hardware)
- 72253000-3 Servizos de unidade de asistencia e de apoio

4.-Prazo de execución

O prazo de execución do contrato será:

- **Para o subministro:** 2 meses para o hardware e as licencias.
- **Para o servizo de asistencia e o de mantemento:** 3 anos con unha prórroga dun ano.

Os prazos indicados xustifícanse pola natureza das prestacións, o financiamento e a necesidade de someter a concorrência o contrato.

Data prevista para o inicio do contrato: 1 de maio de 2023.

Prórroga: Si, para a prestación do servizo de asistencia e mantemento, unha prórroga dun ano de duración

5.-Prezo do contrato e xustificación

A determinación do prezo, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluírá, como partida independente o íve. A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

Orzamento base de licitación

O orzamento base de licitación (ive incluído) ascende a 139.748,64 euros, sendo a parte fixa: 115.500,24 euros e a parte variable: 24.248,40 euros.

O iva a soportar pola Administración é 24.253,90 euros, sendo o iva da parte fixa 20.045,50 euros e o iva da parte variable 4.208,40 euros.

Valor estimado do contrato

O valor estimado do contrato ascende a 131.834,74 euros.

O valor estimado é o resultado de descontar o importe correspondente ao IVE do orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custos laborais, e tendo en conta que neste contrato non se contemplan modificacións á alza pero si unha posible prórroga

Prezos unitarios.:

Tipo sesión plenaria	Importe S/IVE	Importe C/IVE
Ordinaria	410,00 €	496,10 €
Extraordinaria	220,00 €	266,20 €

6.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril.

O importe da licitación podería tramitarse con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes aos orzamentos da Alcaldía e mais de Administración Electrónica correspondente ou a súas bolsas de vinculación seguintes:

- Prestación de subministro: 9207 6260000 e 9120 2090000
- Prestación de servizo: 9120 2279910

O contrato está contemplado do Plan Anual de contratación do Servizo de Administración Electrónica. O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición



Concello de Vigo

adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto (artigo 156 da Lei 9/2017) do servizo de gravación e produción sesión plenarias e subministro de software expediente. Exp.: 19054-101 .

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e mais pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, con data 3 de febreiro de 2023.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Técnica de Administración Xeral e mais pola Xefa do Servizo de Contratación con data 28 de febreiro de 2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de licitación 139.748,64 euros, sendo a parte fixa: 115.500,24 euros e a parte variable: 24.248,40 euros . O iva a soportar pola Administración é 24.253,90 euros, sendo o iva da parte fixa 20.045,50 euros e o iva da parte variable 4.208,40 euros

O importe da licitación podería tramitarse con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes aos orzamentos de Alcaldía e mais de Administración Electrónica correspondente ou a suas bolsas de vinculación: Para a prestación do subministro 9207 6260000 e 9120 2090000; e para prestación do servizo: 9120 2279910.

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(174).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL “ACHÉGATE AO DEPORTE 2019-2023”. EXPTE. 2837/611.

Visto o informe xurídico do 16/02/2023 e o informe de fiscalización do 28/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 31/01/2023, asinado polo técnico de deportes, o director técnico-adxunto á xefatura do Servizo, o xefe do servizo de Deportes e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 30 de agosto de 2019 prestou a probación ao programa municipal de escolas deportivas “achégate ao deporte 2019-2023” as bases de selección de proxectos, e o Convenio marco de colaboración (expediente número 2837/611)

Ao abeiro de dito programa seleccionadas 57 entidades (expte 2837/611) procedendo en data 30.09. 2019 a formalización dos convenios coas seguintes entidades

Tal e como se establece en cada convenio asinado na cláusula décimo novena poderá prorrogarse ano a ano durante un máximo de 3 prórrogas, por acordo expreso da Xunta de Goberno Local, se ambas partes manteñen a colaboración no Programa Municipal de Escolas Deportivas seguindo o establecido no artigo 49.h da lei 40/2015 do 1 de Outubro, de réxime xurídico do sector público.

Estas prórrogas deberán ser autorizadas expresamente polo servizo de deportes e soamente poderán sufrir modificacións organizativas e de actualización de datos das entidades deportivas.

Os convenios asináronse por cada unha das entidades e a Concellería de Deportes en data do 31 de setembro de 2019, día a partir do cal comezou a súa vixencia.

A 1º prórroga aprobouse na xunta de goberno local do 2 de Outubro de 2020.

A 2º prórroga aprobouse na xunta de goberno local do 30 de Setembro de 2021.

A 3º prórroga e derradeira aprobouse na xunta de goberno local do 26 de Setembro de 2022.

No texto do Convenio asinado con todas as entidades o 31 de Setembro de 2019, se detalla que “- O Concello de Vigo aportará a entidade coa que asina o convenio, como colaboración a financiamento das necesidades da escola, as cantidades establecidas no Programa Municipal de Escolas deportivas aprobado, en función do tipo de escola ou actividade a desenvolver. As cantidades mensuais que correspondan serán aboadas previa certificación ca distribución do 1º período de Outubro a Decembro e un 2º período de Xaneiro a Maio. O importe mínimo aportado por cada escola será fixado en 20 alumnos, aínda que en caso de necesidade técnica, criterios de seguridade e control do grupo de actividade, ou de promoción dunha modalidade, un grupo de traballo ou módulo poderá ter menos alumnos”

A achega económica da Concellería de Deportes con relación o cumprimento deste estará supeditada o crédito máximo establecido para a totalidade dos grupos do programa municipal de escolas deportivas.

Proposta de modificación.



Concello de Vigo

A configuración actual pola que se estrutura o Programa Municipal de escolas deportivas en colaboración cas entidades deportivas, da cumprimento o marco establecido respecto o fomento do asociacionismo deportivo e a cooperación con entidades públicas ou privadas por parte das entidades locais, polo que permite o cumprimento das competencias municipais en materia deportiva.

Así mesmo, tanto as entidades deportivas como as federacións aportan unha estrutura consolidada que soamente elas teñen definida no marco xurídico deportivo actual, e que posibilita a participación dos alumnos en competicións deportivas de carácter oficial, a continuidade deportiva de forma correlativa nas diferentes categorías base.

O Concello de Vigo e as Entidades deportivas teñen por obxecto o desenvolvemento e promoción das modalidades deportiva, e tendo en conta a finalidade común de ambas partes, orientada a satisfacer o interese público de promover a actividade física e o deporte dende a idade escolar, sendo competencia do Concello de Vigo a planificación e xestión da promoción deportiva e dispoñendo as entidades deportivas do soporte técnico e operativo preciso para garantir o correcto desenvolvemento do Programa.

Na Xunta de Goberno Local en sesión do día 30 de agosto de 2019 prestou a aprobación ao programa municipal de escolas deportivas “achégate ao deporte 2019-2023” cunha achega a entidades deportivas integrantes do mesmo de 6 €/inscrito/mes e 120 €/modulo/mes.

A partida do Programa Municipal de escolas deportivas aumentouse en 51.775,39 € para poder asumir este incremento do importe as Entidades Deportivas e os gastos xerais derivados do mesmo. O importe ata o programa 2016-2017 foi de 5,20 € inscrito/mes, dende Outubro de 2016 foi de 6 € inscrito/mes e ata este 2022-2023 non se realizou ningunha modificación, polo que este aumento a 8 € inscrito/mes (un aumento do 33,33 %) está en relación co aumento dos custos, Ipc, coordinación e xestión da actividade docente ou material deportivo adicional. A non realización de este aumento de importes as Entidades deportivas está sendo limitante a hora de poder dar cobertura a actividade deportiva coas garantías precisas, o Programa está perdendo eficacia e as entidades deportivas teñen dificultades para asumir o número de inscritos que se plantexan no mesmo, polo que non se están acadando as posibilidades de capacidade máxima do Programa nin a posibilidade de inclusión de novas modalidades e Entidades Deportivas. Nos convenios asinados coas entidades deportivas detállase na cláusula novena que “A aportación do Concello de Vigo é parcial e pode non cubrir o total da actividade, polo que é a entidade deportiva a que debe asumir os gastos precisos para unha correcta organización e realización das actividades. A entidade deportiva é a responsable de que as actividades deportivas desenvolvidas se realicen cos criterios e as normas recollidas no Programa Municipal de Escolas Deportivas “ polo que este incremento tampouco suporía a cobertura total da actividade, pois está limitado pola partida orzamentaria da que se dispoñe no orzamento 2023.

Proponse unha modificación dos importes a 8 €/inscrito/mes e 160 €/modulo/mes o que supoñerá un aumento de esta achega as entidades deportivas.

PROPOSTA MODIFICACIÓN	Programa aprobado	Proposta de Modificación
Achega a Entidades deportivas por cada inscrito individual	6 €/ inscrito / mes	8 €/ inscrito / mes
	120 € / módulo / mes	160 € / módulo / mes

O Programa Municipal de Escolas Deportivas 2019-2023 foi aprobado cunha estimación de 4848 inscritos no seu primeiro ano 2019.

	Capacidade Máxima do Programa	Inscritos Reais	Situación do Programa nese ano
2019-2020	4.848	4.575	Anulación do programa dende o 13 de marzo de 2020.
2020-2021	4.945	3.179	Duración do Programa de 22 días (do 1 o 22 de Outubro 2020)
2021-2022	5.044	3.468	Comezo do Programa o 22 de Novembro de 2021
2022-2023	5.145	4.032 *	Duración normal de 8 meses.

* número que aumenta mensualmente pois está aberta a inscrición.

Esta capacidade máxima estimouse na memoria xustificativa cun aumento dun 2 % cada ano de programa. A inscrición real viuse afectada por todos os anos pola redución de inscritos e suspensión do programa con motivo da crise sanitaria.

Cunha capacidade máxima de 5.145 inscritos e un pago de 6 €/inscrito mes e 120 € módulo/mes, a previsión de gasto do Programa 2022-2023 foi aprobado coas seguintes cantidades para os anos 2022 e 2023:

		ORZAMENTO 2022	
Programa Municipal 2021-2022	Convenios: Xaneiro/Febreiro/Marzo/Abril Maio 2022:	167.421,86 €	
	Gastos Xerais: Publicidade, Material e seguros Clausuras. Xaneiro/Febreiro/Marzo/Abril/Maio/Xuño/Xullo/Agosto/Setembro de 2022.	36.104,89 €	
Programa Municipal 2022-2023	Gastos Xerais: Seguro, asistencia técnica, material deportivo. Outubro/Novembro/Decembro 2022:	84.244,74 €	
	Período: Outubro/ Novembro/ Decembro 2022:	100.453,12 €	
			ORZAMENTO 2023
	Período: Xaneiro/Febreiro/Marzo/Abril Maio 2023		170.770,30 €
	Gastos Xerais: Publicidade, asistencia técnica, Material e seguros Clausuras. Xaneiro/Febreiro/Marzo/Abril/Maio/Xuño/Xullo/Agosto/Setembro de 2023.		36.826,98 €
Programa	Gastos Xerais: Seguro, asistencia técnica, material deportivo.		85.929,64 €



Concello de Vigo

Municipal 2023-2024	Outubro/Novembro/Decembro 2023.		
	Período: Outubro, Novembro, Marzo 2023.		102.462,18 €
	TOTAL	388.224,61 €	395.989,10 € *

Unha vez comezado o Programa e cunha ocupación real do Programa Municipal de Escolas deportivas a día 10/01/2023 de 4.032 inscritos podemos asumir, cun máximo no programa 2022-2023 de 4.200 inscritos e cun máximo estimado no programa 2023-2024 de 4.800 para presuposto de 2023, os importes estimados coa modificación a un pago de 8 € inscrito/més e 160,00 € módulo més.

No orzamento de 2023 con data 21/9/22 realízase un Rc fut con número de operación 202200096999 por importe de 207.597,28 € que corresponden o período de xaneiro/febreiro/marzo/abril e maio 2023 (170.770,30 €) e a os gastos xerais ata setembro de 2023 (36.826,98 €).

No orzamento do ano 2023, contéplase a partida 3420.226.09.01 “escolas deportivas” de importe 400.000,00 € e a partida 3420.224.00.01 destinada o “seguro de escolas deportivas” cunha cantidade de 40.000,00 €, cun total para o Programa municipal de escolas deportivas de 440.000,00 €. Ca modificación proposta, a previsión de gasto estimada do Programa 2022-2023 nos presupostos presupostos de 2023 de 440.000,00 € segundo a seguinte detalle:

		ORZAMENTO 2022	
Programa Municipal 2021-2022	Convenios: Xaneiro/Febreiro/Marzo/Abril Maio 2022:	167.421,86 €	
	Gastos Xerais: Publicidade, Material e seguros Clausuras. Xaneiro/Febreiro/Marzo/Abril/ Maio/Xuño/Xullo/Agosto/Setembro de 2022.	36.104,89 €	
Programa Municipal 2022-2023 (capacidade máxima de 4.200 insc)	Gastos Xerais: Seguro, asistencia técnica, material deportivo. Outubro/Novembro/Decembro 2022:	<u>84.244,74 €</u>	
	Período: Outubro/ Novembro/ Decembro 2022:	<u>100.453,12 €</u>	
			ORZAMENTO 2023
	Período: Xaneiro/Febreiro/Marzo/Abril Maio 2023		190.000,00 €
	Gastos Xerais: Publicidade, asistencia técnica, Material deportivo e seguros Clausuras. Xaneiro/Febreiro/Marzo/Abril/ Maio/Xuño/Xullo/Agosto/Setembro de 2023.		57.826,98 €
Programa Municipal 2023-2024 (capacidade estimada máxima de 4.800 insc)	Gastos Xerais: Seguro, asistencia técnica, material deportivo. Outubro/Novembro/Decembro 2023.(correspondente ao Programa Municipal que terá que ser aprobado pola Xunta de Goberno Local para o período 2023-2024)		64.013,02 €
	Período: Outubro, Novembro, Decembro 2023 (correspondente ao Programa Municipal que terá que ser aprobado pola Xunta de Goberno Local para o		128.160,00 €

	período 2023-2024)		
	TOTAL	388.224,61 €	440.000,00 €

A previsión de gasto estimado esta supeditada a un límite na capacidade de inscritos estimados en 4.200 alumnos para o Programa municipal de escolas deportivas 2022-2023 e de 4.800 alumnos estimados para o Programa Municipal de escolas deportivas 2023-2024 e sempre coa limitación do crédito máximo establecido para cada período de pago (190.000 € para o período de Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril) e o aprobado para o período específico de Outubro, Novembro e Decembro de 2023.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo, previo informe xurídico e de fiscalización.

ACORDO

Primeiro: Aprobar a modificación do programa municipal de escolas deportivas aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 30 de Agosto de 2019 onde se establecía un pago as entidades deportivas integrantes de 6 € alumno/inscrito/mes e 120 €/módulo/mes, modificando estas cantidades a 8 € alumnos/inscrito/mes e 160 €/módulo/mes.

Segundo.- Aprobar a modificación do gasto previsto para o ano 2023 no programa de escolas deportivas 2022-2023, realizado no RC fut con importe de 207.597,28 €, que deberá ser por importe de 190.000,00 € para os convenios dos meses de Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril e Maio de 2023 e de 57.826,98 € para gastos xerais nos meses de Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril, Maio, Xuño, Xullo, Agosto e Setembro de 2023, o que suporá un importe total de 247.826,98 € con cargo a partida 3420.226.09.01 no orzamento de 2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(175).- PRÓRROGA TEMPORAL NA CESIÓN DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-7. EXPTE. 11672/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/03/2023, asinado pola xefa do servizo de Igualdade, pola asesora xurídica do Servizo e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vitimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de "Vivendas tuteladas" ordenando a anotación destas autorizacións no



Concello de Vigo

Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-7, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE núm.:****2234* e dous menores, a ocupase por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de agosto de 2022.

Desde o día 18 de agosto de 2022 a dita unidade familiar permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

En data 09.02.2023 a Xunta de Goberno Local aproba unha prórroga de estancia por un período non superior a un mes a proposta do servizo municipal de atención ás mulleres.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto actualmente por unha avogada e unha traballadora social fai o seu seguimento xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento que emite este equipo municipal firmado na data 3 de marzo de 2023 conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal por un período non superior a un mes.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-7 por un período máximo de un mes de duración a contar desde o día 18 de marzo de 2023 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 11672/224.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(176).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DA PASAXE (FASE I). EXPTE. 5287/401.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/02/2023, asinado pola técnica de administración xeral e o enxeñeiro de camiños, canais e portos, co conforme da xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e do xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E FEITOS

I.-Do ata aquí tramitado, en aras da brevidade administrativa, danse por sentados os antecedentes que obran no presente expediente, perfectamente condensados no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data do 24 de novembro de 2022, en base e de conformidade co informe

proposta de data 15/11/2022 asinado pola técnica de Admón. Xeral, o enxeñeiro de camiños, canais e portos, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e o xerente de Urbanismo, e sometido a acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 22/11/2022, (trámite 208 do expediente dixitalizado) polo que se dispuxo:

«(..)Primeiro.- Prestar aprobación, con carácter inicial, ao «Proxecto de urbanización do Polígono 1 do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Polígono Industrial “A Pasaxe” redactado pola mercantil IDOM, datado en maio do 2017. Esta aprobación inicial considerase referida, exclusivamente, á parte da urbanización que se desenvolve sobre os terreos situados no Concello de Vigo.

Segundo.- Someter o presente proxecto, inicialmente aprobado, a información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se publicará no “Boletín Oficial” da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, nun dos xornais de maior difusión da provincia-computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente nunha ligazón web creada aos ditos efectos, e no departamento de información do Concello de Vigo, en horario de oficina, previa cita telefónica, ou ben a través da sede electrónica, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes. (..)”.

II.- En cumprimento do acordado, someteuse o expediente, con toda a documentación integrante do mesmo, ao correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo de un (1) mes, consonte a normativa de pertinente aplicación, mediante a publicación de senllos anuncios na Web e sede electrónica municipal, no BOP de Pontevedra de data 7 de decembro de 2022 e nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo) do 9 de decembro de 2022; e así o fai constar a Xefa da oficina de Rexistro desta XMU en dilixencia asinada o 11.01.2023 incorporada ao expediente dixital de razón.

Consta asemade, Certificación expedida con data do 13.01.2023 polo Secretario da XMU co visto e prace da Vicepresidenta da XM, na que se fai constar que,

Que, durante o período de información pública do expediente núm. 5287/401, do “Proxecto de urbanización do polígono industrial da Pasaxe (Fase I) nos Concellos de Gondomar e Vigo”, aberto polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 233, do 7 de decembro de 2022), nun dos xornais de maior difusión da provincia (Faro de Vigo do 9 de decembro de 2022), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 11 de xaneiro de 2023, pola Xefa da Oficina de Rexistro da XMU, presentáronse os seguintes escritos de alegacións:

Data rexistro entrada	Doc.	Interesado
07/01/2023	230005017 (cod.sol.: W840274-251)	Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valladares

Asemade, procedeuse a notificar a todos os interesados no procedemento, e así obra incorporado no expediente dixital de razón.

III. Con posterioridade, procedeuse mediante oficio da Vicepresidenta da XMU do 15.02.2023, a dar traslado ao Concello de Gondomar, do referido escrito de alegación presentado perante esta administración, aos efectos do seu estudo e a emisión do informe que corresponda, tralo estudo da mesma.

IV. Finalmente, con datas do 10.02.2023 e 17.02.2023, o Concello de Gondomar comunicou a esta XMU, a través do Sistema de interconexión de rexistros (SIR), o acordo adoptado polo Xunta de goberno local con data do 30.01.2023 polo que se prestou aprobación definitiva ao Proxecto de urbanización do Polígono 1 do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de A Pasaxe, e documentación a el xuntada, proxecto técnico



Concello de Vigo

definitivamente aprobado, informes xurídicos e técnicos, e escritos de alegacións achegados ao Concello de Gondomar.

V. Elevado o expediente completo, ao enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito ao servizo de urbanización e infraestruturas desta Área de Desenvolvemento Urbanístico, con data do 23.02.2023 emite informe técnico, do que se reproduce o seu contido íntegro, para unha maior comprensión do nel concluído,

1 “(..) **Antecedentes**

Con data do 15.09.2016 o Consello da Xunta de Galicia acordou a aprobación definitiva e as disposicións normativas da Modificación do Proxecto Sectorial do Polígono Industrial de “A Pasaxe” nos concellos de Gondomar e Vigo (DOG núm. 187 do 30.09.2016), sendo este o proxecto sectorial vixente na actualidade e ao que se refire o proxecto de urbanización que nos ocupa.

Con data do 11.12.2018 foi recibido escrito do Concello de Gondomar, instando a conformidade municipal para a tramitación e posterior aprobación do proxecto de reparcelación do mencionado Polígono (Exp. 5225/401).

Así as cousas, con data do 27.12.2018 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, acordou prestar conformidade á tramitación administrativa referida na solicitude asinada o 04.12.2018 polo Alcalde do Concello de Gondomar, salientando que esta deberá desenvolverse respectando o ámbito competencial do Concello de Vigo e a normativa de aplicación, instrumentando para elo os mecanismos de colaboración necesarios entre ambas Administracións; o acordo advertía que debería solicitarse do Concello de Vigo a conformidade ou aprobación daqueles instrumentos que afecten ao ámbito das súas competencias segundo a normativa urbanística.

O día 21.09.2022 (R.S. 2937/2022) dásele traslado á Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.09.2022, onde se aprobaba inicialmente o Proxecto de Urbanización do Polígono Industrial A Pasaxe (fase I). O día 24 de outubro de 2022 recíbese nesta Xerencia Municipal de Urbanismo a documentación vinculada á referida aprobación inicial por parte do Concello de Gondomar.

Con data de 24 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou prestar aprobación inicial ao Proxecto de urbanización do Polígono 1 do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Polígono Industrial “A Pasaxe” referida á parte da urbanización que se desenvolve sobre os terreos situados no Concello de Vigo. (BOP nº 233 de 7 de decembro de 2022.).

Con data 16.01.2022 polo Concello de Vigo remítese ao Concello de Gondomar certificación do Secretario da Xerencia municipal de Vigo no que se indica que durante o período de información pública tras do acordo de 24 de novembro se presentou un escrito de alegacións en data 07.01.2023 por Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares.

En resposta á alegación anterior, o Concello de Gondomar remite informe técnico de data 22.01.2023 e xurídico de data 24.01.2023.

En data do 10 de febreiro de 2023 tivo entrada no Rexistro electrónico da Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, oficio do Concello de Gondomar dando traslado da certificación do acordo de “aprobación definitiva do proxecto de urbanización polígono 1 do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de A Pasaxe”.

Na dita certificación cítase diversa documentación relacionada co proxecto de urbanización da que non ten coñecemento esta Xerencia municipal de Urbanismo polo que, considerando que debe ser tida en conta para proceder ao acordo de aprobación definitiva, requírese a mesma ao Concello de

Gondomar en data 15.02.23. En data do 16.02.23 o Concello de Gondomar remite a documentación solicitada.

O alcance deste informe limítase ao estudo, análise e resposta ás alegacións presentadas durante o período de información pública do proxecto e máis a verificar os cambios introducidos no mesmo desde a súa aprobación inicial de Vigo de cara á súa aprobación definitiva tendo en conta, exclusivamente, aqueles aspectos do mesmo que teñen impacto sobre o ámbito competencial do Concello de Vigo.

2 Situación urbanística do polígono da Pasaxe

O Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia (en adiante PSOAEG) foi aprobado polo Consello da Xunta o 30 de abril de 2014 publicándose a súa aprobación no DOGA nº101 de 28 de maio de 2014. A entrada en vigor do PSOAEG establece as condicións xerais para o futuro desenvolvemento das actuacións de preparación de solo para actividades empresariais.

A aprobación deste PSOAEG obriga á modificación ou adaptación dos plans xerais de ordenación municipal ás súas determinacións.

Un dos parques empresariais delimitados polo o PSOAEG é o denominado P.I.A PASAXE – VINCIOS, os Concellos afectados son Vigo e Gondomar. Segundo a ficha do PSOAEG a superficie bruta do P.I. é de 586.947,00 m²



Imaxe 1 Reproducción da imaxe que figura da Ficha do P.I A PASAXE – VINCIOS do PSOAEG


O Proxecto sectorial do polígono industrial de A Pasaxe foi aprobado definitivamente mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 05.05.2011 e a súa modificación puntual mediante acordo do nomeado órgano de data 15.09.2016. O artigo 1.1.9 da normativa urbanística deste Proxecto sectorial



Concello de Vigo

(DOG número 187 do 30.09.2016) dispón: “As determinacións deste proxecto terán carácter vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán, de acordo co principio de xerarquía interpláns, sobre as do planeamento urbanístico que afecten, vixente nos municipios de Gondomar e Vigo (artigo 11.1 D. 80/2000)”.

Nestes momentos, a delimitación do Proxecto sectorial do polígono industrial de A Pasaxe é coincidente coa delimitación que se grafa PSOAEG vixente e inclúe terreos situados no termo municipal de Vigo, aínda que a meirande parte do ámbito atópase no TM de Gondomar.



Imaxe 2 Plano de Ordenación 2.1 do Proxecto Sectorial do P.I. A Pasaxe, en azul as parcelas da primeira fase.

Planeamento urbanístico vixente.

Débase ter en conta como xa se recolleu no apartado anterior que as determinacións contidas nos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente.

No vixente PXOU 1993 toda a zona do proxecto de urbanización da Fase I do PI está clasificada como Solo Urbanizable Non Programado SUNP 18 22 A GARRIDA PAU 5. Este SUNP nunca foi desenvolvido e polo tanto, segundo o apartado 2 da disposición transitoria primeira da LSG, aos terreos seralles de aplicación o réxime de solo rústico.

O SUNP de A GARRIDA pretendía completar o solo industrial no límite municipal de Gondomar segundo se expresa na ficha de dito PAU 5.

3 Análise das alegación recibidas

3.1 Alegacións presentadas ante o Concello de Vigo.

A alegación, que se achega na súa integridade dentro do Anexo I a este informe, foi presentada pola ASOCIACIÓN CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES e concrétese no seguintes aspectos

Primeira.- Sobre a redución do impacto territorial e social:

A alegación concrétese en tres puntos.

- No primeiro propón habilitar a masa arbórea existente perto das vivendas da Garrida como unha “pantalla ou liña natural de vexetación” que sirva como elemento de protección contra a zona industrial nos terreos situados ao Norte do ámbito e fora del; o mantemento desta conformaría unha “barreira medioambiental” que amortecería os impactos das actividades industriais.
- No punto 2 sinálase que nesta masa forestal sitúase unha zona húmida e varios nacementos de auga incluída na área potencial do Plan de recuperación da escribenta das canaveiras.
- E no punto 3 considérase que á “barreira medioambiental” hai que engadirlle a “barreira do patrimonio arqueolóxico conformada polos petróglifos da Gándara, mámoa da Gándara e a zona arqueolóxica denominada “Cruce perto de Seoane”.

Valoración:


No seu **punto 1** a alegación está a facer unha proposta que ten que ver con cuestións propias do planeamento urbanístico pero que non están incluídas no alcance deste proxecto de urbanización e que non poden ser tratadas por este.

Compre dicir que no documento sometido a exposición defínese á Fase I dos traballos de urbanización vinculados ao Proxecto Sectorial do polígono industrial da Pasaxe que foi aprobado o 15.09.2016. Neste proxecto sectorial delimitáanse dous polígonos (Fases I e II) a cuxo ámbito deben cingirse os proxectos de urbanización sen que poidan estenderse máis aló dos mesmos. Polo tanto, non é posible validar unha proposta referida a un ámbito alleo ao alcance do proxecto pendente de aprobación.

Por outra banda, o **punto 2** comparte certas similitudes co anterior no senso de remitir ao tratamento de terreos que están fora do ámbito do proxecto de urbanización. De calquera xeito, compre dicir que o PXOM de Vigo, actualmente en redacción e pendente de aprobación, xa contempla nese ámbito dúas zonas de: solo rústico de protección de augas (SRPAU) e solo rústico de protección patrimonial (SRPP) segundo. O detalle de ambas zonas pode verse na seguinte imaxe:



Concello de Vigo



Imaxe 3. Detalle das dúas zonas de protección identificadas

Con respecto ao punto 3 da “barreira do patrimonio arqueolóxico”, compre dicir que a compatibilidade do proxecto coa protección deste ben xa foi avaliada pola Dirección xeral de Patrimonio Cultural, quen emitiu informe favorable que inclúe o correspondente condicionado. . Este informe, remitido polo Concello de Gondomar, consta incorporado ao expediente desta tramitación co número de documento 230046122.

É dicir, no proxecto de urbanización seguiranse as indicacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) e realizarase polo tanto un control arqueolóxico das obras de urbanización (así está xa previsto no propio proxecto); para iso elaborárase un proxecto de control arqueolóxico que deberá autorizarse pola DXPC antes do comezo das obras. Neste senso, o proxecto contempla unha partida alzada a xustificar para o control e seguimento arqueolóxico da obra.

A maiores diso no informe favorable da DXPC non se exige ningunha condición especial respecto á contorna da mámoa da Gándara, máis aló do control arqueolóxico previa autorización do mesmo pola DXPC.

A zona arqueolóxica denominada “Cruce perto de Seoane” e a súa contorna de protección está fora do ámbito do PU PIP F1 e nada se menciona con respecto a este xacemento no informe favorable da DXPC.

Segunda.- Sobre o tráfico xerado.

A alegación baséase na hipótese na premisa de que coa ampliación do Polígono da Pasaxe as estradas PO-330 e PO-331 empeorarán os valores do tráfico próximos á capacidade da estrada, véndose prexudicadas as condicións da circulación do tráfico rodado ademais dos problemas de seguridade viaria.

Neste senso, alega que a MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº2 DO PSO AEG, carece de Estudo de tráfico e capacidade, ademais de non presentar ningunha proposta de accesos á zona de ampliación da Pasaxe; Na alegación propónse unha adecuación do percorrido pola PO-331 sentido O Porriño entre a saída sur deste polígono e o enlace, mediante unha redonda, coa rúa Padrón do Couto que, a súa

vez, enlazaría coa redonda de Clara Campoamor situada diante do CEIP de A Sobreira e o IES Valadares.

Valoración:

A posible reordenación das infraestruturas da contorna corresponde definilas nos documentos de planeamento e deberan reflectirse no proxecto sectorial aprobado. O proxecto de urbanización é un proxecto de obras que ten por finalidade executar os servizos e dotacións establecidos previamente e non pode actuar fora do ámbito territorial previamente establecido.

CONCLUSIÓNS:

Polo exposto nas valoracións anteriores enténdese que, dende un punto de vista técnico, se debe desestimar a alegación presentada.

3.2 Alegacións presentadas ante o Concello de Gondomar.

3.2.1 Alegacións presentadas pola ASOCIACIÓN PLATAFORMA DE AFECTADOS POLO POLÍGONO GARRIDA-PASAXE (AGAPA).

Primeira.- Sobre a pantalla vexetal na zona Norte do ámbito.

Neste punto, en resumo, sinálase que no proxecto non aparece reflectida a malla ou pantalla vexetal que debería existir na fachada Norte do polígono industrial que linda co Concello de Vigo, onde se sitúa a zona residencial da Garrida.

Entende o alegante que se debe delimitar no PU PIP F1 unha pantalla vexetal que separe as naves do polígono industrial da Pasaxe da zona residencial da Garrida pertencente ao Concello de Vigo. O contrario iría en contra do acordo entre AGAPA e os empresarios da Pasaxe en data 31 de outubro de 2021.

Valoración:

A alegación está a facer unha proposta que ten que ver con cuestións propias do planeamento urbano pero que non están incluídas no alcance deste proxecto de urbanización e que non poden ser tratadas por este. O proxecto de execución das obras de urbanización ten o seu ámbito restrinxido aos límites fixados no proxecto sectorial e non lle corresponde, sen entrar a valorar a súa idoneidade, desenvolver actuacións propias dos ámbitos de planeamento.

Non corresponde ao alcance desta valoración técnica pronunciarse sobre acordos acadados entre terceiros en relación con este asunto.

Segunda.- Sobre a delimitación das proteccións do Río Calvo

A alegación que se deben incluír no alcance do proxecto de urbanización da Fase I as actuacións para a súa adecuada protección.

Valoración:

O río Calvo e os seus afluentes están situados na Fase II do Proxecto Sectorial e na Zona da Garrida, no límete occidental da Fase II e a 500 m. da Fase I. Por outra banda, o proxecto sectorial dispón unha zona verde vinculada a ese curso de auga, establecendo unha franxa de protección.



Concello de Vigo

É dicir, debe ser no contexto da tramitación do proxecto de urbanización da Fase II do Proxecto Sectorial onde se poidan articular as oportunas medidas para protexer os recursos hídricos pensando na implantación de novas naves industriais nesas zonas.

Polo tanto, non corresponde ao ámbito do proxecto desta fase articular ningunha medida de protección para o río Calvo xa que está a unha distancia de 500 m. do mesmo.

Terceira.- Sobre a protección do Patrimonio Cultural

A alegación estima, en relación ao Patrimonio Cultural, que non se articularan as medidas de protección do petróglifo da Gándara, na súa zona de afección. No referente á mámoa da Gándara, indícase que se dispón un aparcamento nas proximidades e na zona de afección eliminando a pantalla vexetal que debe pechar o polígono da Pasaxe.

Valoración:

No referente a este asunto compre dicir que a compatibilidade do proxecto coa protección deste ben xa foi avaliada pola Dirección xeral de Patrimonio Cultural, quen emitiu informe favorable que inclúe o correspondente condicionado. Este informe, remitido polo Concello de Gondomar, consta incorporado ao expediente desta tramitación co número de documento 230046122.

É dicir, no proxecto de urbanización seguiranse as indicacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) e realizarase polo tanto un control arqueolóxico das obras de urbanización (así está xa previsto no propio proxecto); para iso elaborárase un proxecto de control arqueolóxico que deberá autorizarse pola DXPC antes do comezo das obras. Neste senso, o proxecto contempla unha partida alzada a xustificar para o control e seguimento arqueolóxico da obra.


A maiores diso no informe favorable da DXPC non se exige ningunha condición especial respecto á contorna da mámoa da Gándara, máis aló do control arqueolóxico previa autorización do mesmo pola DXPC.

Cuarta.- Sobre a protección do Túnel da Garrida

Exponse que en relación ao túnel da Garrida, afectado na FASE 1, é necesario protexelo na superficie segundo a sentenza sinalada na alegación, alegando que non constan no proxecto medidas para a protección da zona de servidume incumprindo a sentenza sinalada.

Valoración:

O proxecto inclúe dentro da súa Memoria, Anexos (Anexo 15: Bens e servizos afectados) e Planos referencias aos servizos afectado, con identificación expresa do trazado do túnel da Garrida e da súa mínima interferencia coas obras desta Fase I (Ver Imaxe 4)



Imaxe 4. Zona de interferencia (círculo azul) entre o túnel da Garrida e as obras proxectadas.

A máis, compre sinalar que as cotas as que discorre o túnel son perfectamente compatibles coas que figuran proxectadas para os servizos a dispor e que esta mínima zona de afección se sitúa sobre terreos situados no espazo público.

En base ao anterior, non parecen previsibles as afeccións ao túnel da Garrida e non cabe interpretar que, en concordancia co dito na referida sentenza, non se tivera presente a afección a esta infraestrutura dentro da redacción do proxecto de urbanización esta fase I. De calquera xeito, o proxecto indica que, durante os traballos de urbanización, deberanse extremar os coidados para evitar danos.

De feito, corresponderá ao ámbito da execución a comprobación das cotas altimétricas indicadas da infraestrutura existente e das canalizacións proxectadas durante a súa execución. Ademais, comprobarase tamén o trazado en planta do túnel. E durante os traballos terase especial coidado nas tarefas de escavación, na zona de cruce e na zona próxima ao túnel.

CONCLUSIÓNS:

Polo exposto nas valoracións anteriores enténdese que, dende un punto de vista técnico, se debe desestimar a alegación presentada.

3.2.2 Alegacións presentadas por D. Balbino Trabazos Pérez.

As alegacións presentadas sinalan, en síntese, que se vulnera o principio de equidistribución ou reparto de beneficios e cargas porque non se tivo en conta no reparto as infraestruturas existentes no polígono. Tamén se sinala que os gastos de urbanización son excesivos. Non se está de acordo coa superficie da parcela. Estes son os tres puntos sinalados.

Valoración:

As cuestións alegadas non atenden a aspectos relacionados co contido técnico do proxecto de urbanización polo que serán avaliadas pola técnica xurídica do servizo de planeamento e xestión do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

CONCLUSIÓNS:

Polo exposto nas valoracións anteriores enténdese que, dende un punto de vista técnico, se debe desestimar a alegación presentada.

3.2.3 Alegacións presentadas por D. Antonio Vales Freitas.

As alegacións presentadas son as mesmas cas presentadas por AGAPA tratadas no apartado 3.2.1.

Valoración:

A valoración é coincidente coa realizada no apartado 3.2.1.

CONCLUSIÓNS:

Polo exposto na valoración anterior, enténdese que, dende un punto de vista técnico, se deben desestimar as alegacións presentadas.

3.2.4 Alegacións presentadas por Dona Alasne Achalandabaso Cubas.

A alegante sinala unha parcela lindeira polo Norte co ámbito do proxecto de urbanización pero situada fora do ámbito. Descríbese a situación urbanística da parcela, as servidumes e afeccións, a situación do parque empresarial da Garrida no concello de Vigo argumentando que toda a zona da Garrida debería ser unha zona residencial. En concreto respecto á parcela sinálase que se manteña a distancia das actividades industriais e que se manteñan as franxas da servidumes de protección.

Valoración:


A parcela sobre a que recae a alegación linda con unha zona totalmente consolidada de naves industriais que, de feito, está contemplada na ordenación do Proxecto Sectorial da Pasaxe aprobado definitivamente. Ver imaxe 5:



Imaxe 5. Situación da parcela da alegante respecto do estado actual do polígono de A Pasaxe

Non corresponde ao proxecto de urbanización alterar a ordenación dun proxecto sectorial que xa validou a situación existente.

De feito, a citada parcela linda coa reserva de solo contemplada no PSOAEG para o desenvolvemento do Polígono de A Garrida, instrumento ao que debe adaptarse o planeamento municipal.



Imaxe 6. Situación da parcela respecto da reserva de solo incluída no PSOAEG para o P. I. A Garrida

Por outra banda, o proxecto de urbanización límitase a desenvolver o aprobado no proxecto sectorial e cumprir coas indicacións de Patrimonio relativas á protección da mámoa da Gándara realizando un control arqueolóxico, elemento que determina unha contorna de protección onde se sitúa a parcela da alegación. O proxecto de urbanización non pode modificar a nave industrial lindeira polo sur coa parcela que está contemplada na ordenación do Proxecto Sectorial aprobado definitivamente.

No referente ao acordo entre veciños e empresarios, non corresponde ao alcance desta valoración técnica pronunciarse sobre acordos acadados entre terceiros en relación con este asunto.

CONCLUSIÓNS:

Polo exposto nas valoracións anteriores enténdese que, dende un punto de vista técnico, se debe desestimar a alegación presentada.

3.2.5 Alegacións presentadas por D. Manuel Alonso Pérez e Dona Ana María Abril Fernández relativas a cambio de titularidade de parcela.

Estas alegacións son relativas á propiedade de parcelas polo que non son obxecto de valoración dende o punto de vista técnico.



Concello de Vigo

4 Observación contidas no informe de aprobación inicial.

Seguen vixente as consideración de orde menor contidas no informe técnico redactado para a aprobación inicial do documento na medida en que o proxecto achegado agora non sufriu cambios respecto do achegado por aquel entón.

5 Conclusións

Unha vez avaliada a derradeira documentación achegada o 17 de febreiro de 2023 sobre o Proxecto de Urbanización do Polígono Industrial da Pasaxe (Fase I) e avaliadas, dende un punto de vista técnico, as alegacións recibidas durante o período de exposición pública, proponse a desestimación das mesmas en base aos criterios expostos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa Básica aplicable

- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia
- Lei 5/2017, do 19 de decembro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia
- Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxecto sectoriais de incidencia supramunicipal
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto da disposicións que poidan afectar

II- Natureza, Obxecto e Ámbito do proxecto de urbanización

O presente proxecto de urbanización ten por obxecto desenvolver as actuacións definidas polo miúdo na Modificación do proxecto sectorial do PIP no seu apartado 1.2, reproducindo o viario xa proxectado e recolectando as instalacións propostas na MPS do PIP, do xeito e do resultado que se reflicten no informe técnico transcrito nas alíneas precedentes, e a cuxo contido nos remitimos .

III.-Dos Proxectos de urbanización

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento(RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe “execución e conservación de obras de urbanización,” dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

Neste senso, en relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o Enxeñeiro de camiños, canais e portos da XMU en data 23.02.2023 informa con carácter favorable dito extremo.

IV.- Presupostos de execución



Concello de Vigo

Tal e como se ten sinalado no expositivo, consta aprobado definitivamente o Proxecto de equidistribución, como presuposto de execución material dos previstos no artigo 95 da LSG desenvolto polo artigo 221 do RLSG.

V.- Formulación e tramitación

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3ºdo amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

VI.- Ámbito Supramunicipal

O proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe, incide na súa meirande parte no Concellos de Gondomar e nunha pequena parte no de Vigo

Deste xeito, o artigo 11.2. da Lei 5/2017 de fomento da implantación de medidas empresariais establece que, o proxecto de urbanización deberá ser aprobado polos Concellos afectados, no seguinte senso:

“2. Os proxectos de urbanización que desenvolvan as determinacións dos proxectos sectoriais destinados ao desenvolvemento dunha área empresarial cuxo promotor sexa distinto dos indicados no punto anterior serán aprobados polo Concello correspondente, seguindo o procedemento establecido na lexislación urbanística aplicable.

Neste caso, cando o proxecto sectorial afecte máis dun concello, o proxecto de urbanización deberá ser aprobado por cada un dos concellos afectados, co obxecto de dispoñer dunha aprobación conxunta del.

VII.- Informes sectoriais

Con datas do 10 e 17 de febreiro de 2023, o Concello de Gondomar deu traslado a esta XMU, do acordo de aprobación definitiva do presente expediente, adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar con data do 30.01.2023, e documentación a el xuntada; no mesmo indícase que consonte ás características do ámbito, os informes sectoriais precisos, son es de Patrimonio cultural, AESA, AXI, e Aguas de Galicia; Neste senso, indican que os informes de Patrimonio Cultural e AESA (xa se tiñan emitido previamente), pola súa banda e no que respecta aos informes sectoriais a emitir por Augas de Galicia e pola Axencia Galega de Infraestruturas, indican que os mesmos foron solicitados con data do 21.09.2022 e que a data actual da adopción do acordo de aprobación definitiva non consta a súa emisión.

O Concello de Gondomar, administración instrutora do presente expediente, fai constar que os ditos informes sectoriais autonómicos deberán emitirse no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos en sentido favorable, segundo o disposto no artigo 75.1 c) da LSG e 186.1 do RLSG.

Pola súa banda, o artigo 82 da LPAC dispón que, salvo disposición expresa en contrario, os informes serán facultativos e non vinculantes e conforme o apartado catro de dito artigo sinala << Se o informe debe ser emitido por unha Administración pública distinta da que tramita o procedemento co obxecto de expresar o punto de vista correspondente ás súas competencias respectivas, e transcorre o prazo sen que aquel se emitise, poderanse proseguir as actuacións>>.

A maior abastamento, compre traer a colación, entre outras- STS de data 4 de xullo de 2014 recurso 915/2012 ao determinar que << En cuanto a la virtualidad de un informe que es remitido fuera de plazo -cuestión que se suscita en el motivo de casación cuarto-, tiene razón el Ayuntamiento recurrente cuando señala que la no remisión del informe dentro del plazo señalado permite que prosiga la tramitación del procedimiento, como establece el artículo 83.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Pública y del Procedimiento Administrativo Común. Y, en efecto, en nuestra sentencia de 24 de noviembre de 2011 (casación 4883/2008) declarábase, aplicando ese precepto, que " (...) no habiendo sido emitido el informe, la Administración municipal podía proseguir la tramitación del expediente, sin que la ausencia del mencionado informe pueda ser considerada causa de nulidad del Plan General aprobado". Es decir, la falta del informe, habiendo sido éste oportunamente solicitado, no determina la nulidad del instrumento de planeamiento. >>

VIII.- Alegacións achegadas no período de información pública

Tal e como se ten significado nos antecedentes, e así o certifica o secretario desta XMU, durante o preceptivo período de información pública aberto polo prazo dun mes, presentouse nesta administración un único escrito de alegación, pola Asociación Centro Veciñal e cultural de Valadares, cuxo contido ten sido analizado no informe técnico do enxeñeiro de camiños, canais e portos asinado o 23.02.2023, do que reproducimos o seu contido, e se ratifica polos asinantes da presente, o nel concluído,

(..) A alegación, que se achega na súa integridade dentro do Anexo I a este informe, foi presentada pola ASOCIACIÓN CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES e concrétase no seguintes aspectos

Primeira.- Sobre a redución do impacto territorial e social:

A alegación concrétase en tres puntos.

- *No primeiro propón habilitar a masa arbórea existente perto das vivendas da Garrida como unha "pantalla ou liña natural de vexetación" que sirva como elemento de protección contra a zona industrial nos terreos situados ao Norte do ámbito e fora del; o mantemento desta conformaría unha "barreira medioambiental" que amortecería os impactos das actividades industriais.*
- *No punto 2 sinálase que nesta masa forestal sitúase unha zona húmida e varios nacentes de auga incluída na área potencial do Plan de recuperación da escribenta das canaveiras.*
- *E no punto 3 considérase que á "barreira medioambiental" hai que engadirle a "barreira do patrimonio arqueolóxico conformada polos petróglifos da Gándara, mámoa da Gándara e a zona arqueolóxica denominada "Cruce perto de Seoane".*

Valoración:


No seu punto 1 a alegación está a facer unha proposta que ten que ver con cuestións propias do planeamento urbanístico pero que non están incluídas no alcance deste proxecto de urbanización e que non poden ser tratadas por este.



Concello de Vigo

Compre dicir que no documento sometido a exposición defínese á Fase I dos traballos de urbanización vinculados ao Proxecto Sectorial do polígono industrial da Pasaxe que foi aprobado o 15.09.2016. Neste proxecto sectorial delimitáanse dous polígonos (Fases I e II) a cuxo ámbito deben cingirse os proxectos de urbanización sen que poidan estenderse máis aló dos mesmos. Polo tanto, non é posible validar unha proposta referida a un ámbito alleo ao alcance do proxecto pendente de aprobación.

Por outra banda, o punto 2 comparte certas similitudes co anterior no senso de remitir ao tratamento de terreos que están fora do ámbito do proxecto de urbanización. De calquera xeito, compre dicir que o PXOM de Vigo, actualmente en redacción e pendente de aprobación, xa contempla nese ámbito dúas zonas de: solo rústico de protección de augas (SRPAU) e solo rústico de protección patrimonial (SRPP) segundo. O detalle de ambas zonas pode verse na seguinte imaxe:



Imaxe 3. Detalle das dúas zonas de protección identificadas

Con respecto ao punto 3 da “barreira do patrimonio arqueolóxico”, compre dicir que a compatibilidade do proxecto coa protección deste ben xa foi avaliada pola Dirección xeral de Patrimonio Cultural, quen emitiu informe favorable que inclúe o correspondente condicionado. Este informe, remitido polo Concello de Gondomar, consta incorporado ao expediente desta tramitación co número de documento 230046122.

É dicir, no proxecto de urbanización seguiranse as indicacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) e realizarase polo tanto un control arqueolóxico das obras de urbanización (así está xa previsto no propio proxecto); para iso elaborárase un proxecto de control arqueolóxico que deberá autorizarse pola DXPC antes do comezo das obras. Neste senso, o proxecto contempla unha partida alzada a xustificar para o control e seguimento arqueolóxico da obra.

A maiores diso no informe favorable da DXPC non se exige ningunha condición especial respecto á contorna da mámoa da Gándara, máis aló do control arqueolóxico previa autorización do mesmo pola DXPC.

A zona arqueolóxica denominada “Cruce perto de Seoane” e a súa contorna de protección está fora do ámbito do PU PIP F1 e nada se menciona con respecto a este xacemento no informe favorable da DXPC.

Segunda.- Sobre o tráfico xerado.

A alegación baséase na hipótese na premisa de que coa ampliación do Polígono da Pasaxe as estradas PO-330 e PO-331 empeorarán os valores do tráfico próximos á capacidade da estrada, véndose prexudicadas as condicións da circulación do tráfico rodado ademais dos problemas de seguridade viaria.

Neste senso, alega que a MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº2 DO PSOAEG, carece de Estudo de tráfico e capacidade, ademais de non presentar ningunha proposta de accesos á zona de ampliación da Pasaxe; Na alegación propónse unha adecuación do percorrido pola PO-331 sentido O Porriño entre a saída sur deste polígono e o enlace, mediante unha redonda, coa rúa Padrón do Couto que, a súa vez, enlazaría coa redonda de Clara Campoamor situada diante do CEIP de A Sobreira e o IES Valadares.

Valoración:

A posible reordenación das infraestruturas da contorna corresponde definilas nos documentos de planeamento e deberan reflectirse no proxecto sectorial aprobado. O proxecto de urbanización é un proxecto de obras que ten por finalidade executar os servizos e dotacións establecidos previamente e non pode actuar fora do ámbito territorial previamente establecido.

CONCLUSIÓNS:

Polo exposto nas valoracións anteriores enténdese que, dende un punto de vista técnico, se debe desestimar a alegación presentada.(..)"

Pola súa banda e no que respecta ás alegacións presentadas perante o Concello de Gondomar, e que revisten dun carácter meramente técnico, teñen sido- tal e como se reflicte no relato de feitos- , axuizadas e valoradas no informe técnico de data 23.02.2023.

En atención ás alegacións que revisten un carácter xurídico, a técnica de Admon xeral que subscribe a presente, tralo o seu estudo e análise, ratifica á desestimación acordada polo Concello de Gondomar, ao tratarse o esgrimido nos ditos escritos de alegacións de cuestión alleas ao presente proxecto de urbanización, ben por referirse a MP do PSPIP así como ao procedemento de xestión, que teñen acadado plena vixencia e executividade, ou ben por aludir a acordos de carácter privado.

IX.-órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, por se o estima procedente, previo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Proceder a desestimar integramente a alegación achegada durante o período de información pública (Doc. núm. 23000501E e Cod.sol.: W840274-251), fronte ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión que tivo lugar con data do 24.11.2022, pola que se dispuxo prestar aprobación, con carácter inicial, ao «Proxecto de urbanización do Polígono 1 do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Polígono Industrial “A Pasaxe” redactado pola mercantil IDOM, datado en maio do 2017, en base e de conformidade co exposto no corpo da presente.



Concello de Vigo

Segundo .- Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao «Proxecto de urbanización do Polígono 1 do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Polígono Industrial “A Pasaxe” redactado pola mercantil IDOM, datado en maio do 2017. Esta aprobación definitiva considerase referida, exclusivamente, á parte da urbanización que se desenvolve sobre os terreos situados no Concello de Vigo.

Terceiro.- Notificar o contido íntegro do presente acordo ao Concello de Gondomar, a alegante no presente expediente, así como a todos os interesados no procedemento, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 28/02/2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(177).- PROXECTO DE CONVENIO CO CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 9662/336.

Visto o nforme xurídico do 23/02/2023 e o informe de fiscalización do 03/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2023, asinado pola xefa do servizo de Xuventude, pola concelleira-delegada de Xuventude e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” .

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano **2023**.

O CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades .

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións do CEIP Tintureira aínda que provisoonalmente trasladarase ao Torreiro de Festas de Fragoselo (Coruxo) adecuadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo é a única entidade que desenvolveu en Coruxo este programa dun xeito continuado dende o ano 2002, contando cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.04 cunha dotación de 24.500 €, destinada a tal fin.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai doce anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. excepto o mes de agosto que non se prestará o servizo. O Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo destinará á actividade un mínimo de dúas persoas con formación en Tempo Libre.

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión do programa de dinamización durante o ano **2023**. Esta subvención cun importe de 24.500 € establécese a través dun convenio co CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do estado o das corporacións locais, sen perxuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.



Concello de Vigo

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL “O CUCO DE CORUXO”

En Vigo, a data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, dona **MARÍA DEL CARMEN LAGO BARREIRO**, na súa calidade de **CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE TURISMO E XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO**, na representación legal do mesmo, en virtude da MODIFICACIÓN DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DE ÁREA de 17 de agosto de 2020 que modifica a Resolución da delegación de competencias (2019-2023) da Alcaldía nos concelleiros e concelleiras delegados e delegadas de área de data 26.06.2019 modificada posteriormente por Resolución de data 13.08.2020 respecto do punto segundo da parte resolutiva , apartados 3, 5, 8, 10, 12, 15 e engade un novo apartado 16; con enderezo na Praza do Rei, nº 1, CP 36202, no exercicio das facultades e demais función que lle foron concedidas por razón do seu cargo.

Doutra, D. **EDUARDO PÉREZ VALVERDE**, con DNI: 35973935H como presidente da **ASOCIACIÓN CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO** (en adiante A ASOCIACIÓN), CIF G36627495 e enderezo social en Coruxo, Tarrío nº 298, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 9662/336

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio.

MANIFESTAN

I.- Que a ASOCIACIÓN ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Coruxo un lugar digno onde vivir e convivir.

Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de dinamización infantil que propoñen e coinciden cos da Concellería de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2. l) e m) dá Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e co artigo 80 dá lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, nas materias de promoción do deporte, da cultura e na da ocupación de tempo libre.

III.- Que o Concello de Vigo a través da Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación e a integración, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, referida ao desenvolvemento do programa de Dinamización Infantil, polo que considerase conveniente a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de do programa de Dinamización Infantil proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

IV.- Por todo elo, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.04, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 24.500 euros, a favor da ASOCIACIÓN

V.- Que a ASOCIACIÓN non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 9662/336

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, os intervenientes, conclúen o presente convenio fin de regular os termos da concesión, con arranxo as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente Convenio é formalizar, para os efectos previstos no artigo 22.2.a) de a Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a concesión directa por parte do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN dunha subvención nominativa consistente nunha axuda económica para o desenvolvemento da o programa de dinamización infantil “O CUCO DE CORUXO” co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A ASOCIACIÓN comprométese a desenvolver as funcións e accións previstas neste convenio e, concretamente, a:

- 1.- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- 2.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable e gratuíto, para rapaces e rapazas de educación primaria, con idades comprendidas entre os 6 e 13 anos , no Torreiro de Festas de Fragoselo (Coruxo), de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 horas de luns a venres, tódolos meses do ano, excepto agosto que permanecerá pechada. En vacacións escolares o horario será de 9:30 a 13:30 h.
- 3.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.



Concello de Vigo

- 4.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.
- 5.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.
- 6.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.
- 7.- Mensualmente entregará ao Servizo de Xuventude a programación das actividades a desenvolver, así como un informe en formato dixital da evolución do servizo e traballo realizado no que deberá incluír:
 - Número de altas e baixas de usuarios e usuarias (sexo, idade e código postal).
 - Actividades realizadas, incluíndo o número de participantes en cada unha delas, así como fotografías das mesmas.Estes informes deberán ser entregados dentro dos cinco primeiros días hábiles do mes seguinte á realización das actividades.
- 8.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

Pola súa banda, o **Concello de Vigo**, a través da Concellería de Xuventude, comprométese a:

- 1.- Garantir a prestación adecuada das actividades de dinamización infantil a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.
- 2- Conceder directamente á ASOCIACIÓN unha subvención por importe de 24.500 €, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da actividade de dinamización infantil no ano **2023**.

TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio enténdese vixente e surte efectos **desde o 21 de novembro de 2022 ao 20 de novembro de 2023**, polo que ten efectos retroactivos a dita data desde o día da súa firma.

O presente convenio non será prorrogable.

CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 25.280 (VINTE E CINCO MIL DOUSCENTOS OITENTA).

O Concello de Vigo financiará os gastos que se deriven do presente convenio de colaboración coa cantidade de **24.500,00 € (vinte catro mil cincocentos euros)**.

Este financiamento realizarase con cargo á aplicación presupostaria 3370.489.00.04 Dinamización Infantil C.R.A.C. de Coruxo do vixente presuposto municipal.

QUINTA.- RECURSOS HUMANOS E INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

Destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre.

De conformidade co esixido no artigo 13.5 de a Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, modificado por a lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, non poderán adscribirse á execución das actividades obxecto deste convenio os profesionais que fosen condenados por sentenza firme por delitos contra a liberdade e identidade sexual.

A tales efectos, estarase ao disposto en artigo 9 do Real Decreto 1110/2015, do 11 de decembro (BOE non 312 do 30 de decembro), polo que se regula o Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

A documentación da acreditación destes antecedentes penais deberán ser entregados ao Concello antes de que os traballadores teñan contacto cos/as menores.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria ó Concello de Vigo. A ASOCIACIÓN será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

O prazo de xustificación **finalizará o 20 de novembro de 2023**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan (Art. 70 do RD 887/2006).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a ASOCIACIÓN está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, e conterà con carácter xeral a seguinte documentación:



Concello de Vigo

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b) **Memoria económica** xustificativa do custe das actividades realizadas, que incorporará:
- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
 - Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
 - Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
 - As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención de dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
 - De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE

A ASOCIACIÓN debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade do Servizo de Xuventude.

O nome e anagrama do Concello de Vigo figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. Ao mesmo tempo, na difusión e publicidade que se faga en calquera das actividades levadas a cabo no marco deste convenio, destacarase en lugar preeminente a colaboración económica deste Concello.

A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas estará integramente en idioma galego.

OITAVA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria

Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, o pago dos gastos derivados do presente convenio realizarase en dous prazos, cada un por importe do cincuenta por cento (50%) da cantidade consignada na aplicación presupostaria 3370.489.00.04.

- A primeira das entregas efectuarase a firma do presente convenio por importe de catorce mil euros (12.250 €).
- O 50% restante por importe catorce mil euros (12.250 €), abonarase á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.

Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen réxime de garantías dos fondos entregados.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a Asociación beneficiaria presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das

prohibicións e/ou circunstancias indicadas no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

NOVENA.- SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar ata un porcentaxe do 75 por 100 do importe da actividade subvencionada cos límites e obrigacións establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei

DÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Conforme á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) no seu art. 31.1 consideraranse gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **21 de novembro de 2022 e o 20 de novembro de 2023**. O IVE soportado, que deberá constar desglosado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

Serán gastos directos subvencionables os que figuran a continuación:

- a) As retribucións do persoal directamente vinculado ao desenvolvemento das actividades establecido na cláusula quinta do presente convenio.
- b) A contratación dos servizos necesarios para a realización das actividades de dinamización e o resto de actividades subvencionadas.
- c) Os seguros de accidentes e de responsabilidade civil que cubran estas continxencias para os nenos e nenas e persoas participantes nas actividades
- d) Os gastos de comunicación, publicidade e difusión das actividades.

En relación cos **gastos indirectos** ou gasto xerais da Asociación (alugueres, enerxía eléctrica, auga, calefacción, teléfono, internet, e outros gastos como material de oficina e limpeza), imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubitada e se realicen no período no que se desenvolva a actividade.

Os gastos indirectos non poden superar o 10% do presuposto que presenta a Asociación para o desenvolvemento das actividades.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos sendo subvencionable solo en caso que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.



Concello de Vigo

Os gastos que se subvencionan neste Convenio corresponderán a gastos correntes non admitíndose os gastos de investimento en bens de equipos.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de contratos para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Non serán admisibles xustificacións de gastos realizados para o cumprimento de fins distintos dos do proxecto subvencionado, e só admitiranse as xustificacións de gastos realizados dentro do prazo de execución establecido no parágrafo primeiro.

En virtude do art. 33 da LXS, o Concello de Vigo, poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados empregando un ou varios dos medios taxados no referido artigo.

De conformidade co art. 30.4 da citada lei, cando as actividades fosen financiadas, ademais de con a subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGACIÓNS DO BENEFICIARIO.

A ASOCIACIÓN, comprométese ao cumprimento das obrigacións establecidas no art. 14 da Lei Xeral de Subvencións e das que a continuación se describen:

1. Realizar as actividades para a que se concede a subvención, axustándose aos termos do presente Convenio.
2. Presentar mensualmente o programa das actividades a desenvolver, nos primeiros cinco días do mes seguinte.
3. Acreditar ante o Concello a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención.
4. Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar tanta documentación e datos lle sexan solicitados en relación coas facultades de control da actividade subvencionada.
5. Realizar a actividade co persoal requirido na cláusula quinta deste convenio para o desenvolvemento das actividades obxecto do mesmo.
6. Asumir toda a responsabilidade que puidese derivarse da organización e desenvolvemento das actividades definidas para alcanzar a finalidade deste Convenio de tal forma que o Concello de Vigo quede exonerada de calquera clase de responsabilidade. A tal fin, deberá contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades. A ASOCIACIÓN entregará ao Servizo de Xuventude copia da póliza e do recibo de pago correspondente antes da firma do presente convenio.
7. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
8. Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

9. A ASOCIACIÓN será a responsable de velar polo estrito cumprimento da normativa vixente en relación ao COVID-19, e adoptar todas as medidas de seguridade e hixiene que se deriven da mesma.

DÉCIMO SEGUNDA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

DÉCIMO TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude.

O persoal técnico do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

DÉCIMO CUARTA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso a Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO QUINTA .- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.



Concello de Vigo

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e ao reintegro das cantidades percibidas.

DÉCIMO SEXTA .- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

De acordo co previsto no artigo 64 do regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a resolución ou acordo de concesión poderase modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas ou imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

En tal caso, a proposta de modificación haberá de comunicarse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que a xustifiquen á Concellería de Xuventude estando suxeita á aprobación do órgano concedente da subvención. Así mesmo, unha vez adoptada a resolución da concesión, poderá realizarse un reaxuste na distribución dos gastos da actividade subvencionada, previa autorización do órgano concedente e sempre que a autorización non dane dereitos de terceiros.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, a ASOCIACIÓN quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

Serán causas de resolución: motivo de resolución do convenio incurrir nalgunha das seguintes causas:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio.

2. Acordo unánime de todos os asinantes.
3. Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo ao valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
5. Por calquera outra causa distintas anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

A ASOCIACIÓN está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria

Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.

VIXÉSIMA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICCIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xuño, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo: a lexislación básica do estado en materia de réxime local; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

A Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude

Presidente do CRAC Coruxo

Asdo: María del Carmen Lago Barreiro

Asdo: Eduardo Pérez Valverde

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a Adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

PRIMEIRO: "Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, entre o Concello de Vigo e o CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 24.500 € a favor da entidade CENTRO, RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, CIF: G36627495 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.04 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 12.250 € [correspondentes á sinatura deste convenio, e o 50% restante \(12.250 €\)](#) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

CUARTO: Facultar á Concelleira de Xuventude, María del Carmen Lago Barreiro para a sinatura do presente convenio".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Proposta de aprobación do proxecto de obras de "Mellora da iluminación do Monte da Guía". Expte. 4753/443.

.- Proposta de aprobación do proxecto de "Recuperación do sistema dunar na praia de Samil fase 1B (entre concesión administrativa Camaleón e Punta de Samil)". Expte. 5912/443.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu

Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

7(178).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “MELLORA DA ILUMINACIÓN DO MONTE DA GUÍA”. Expte. 4753/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 08/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 08/03/2023, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 07.03.2019 resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de “Mellora de iluminación do Monte da Guía” a favor da empresa favor da empresa URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERIA CIVIL, S.L..

II.- A devandita empresa. presenta, trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de “MELLORA DA ILUMINACIÓN DO MONTE DA GUÍA”, redactado polos Enxeñeiros D. Julio Roberes de Cominges e D. Hugo García Carro, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS NOVENTA E CINCO MIL ONCE EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (395.011,45€).

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, en data 25.08.2020 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola no Monte da Guía, na subida pola Av. Dona Fermina ata a Capela Monte de A Guía. As obras a executar se enumeran a seguir:

- Substitución dos puntos de luz existentes na vía pública, mellorando a eficiencia enerxética e cumprindo os requisitos de adaptación ao entorno.
- Renovación da instalación soterrada. Renovaranse tamén as liñas eléctricas dentro do ámbito de actuación.
- Independizar o subministro eléctrico do alumado dos servizos públicos do Parque, de aqueles que non o son (a Capela e a súa parcela, e a “Antigua Cafetería”).
- Independizar o alumado de vía pública, do alumado del resto de servizos públicos do Parque.



Concello de Vigo

- Mellora da eficiencia enerxética en edificacións de uso público, substituíndo os puntos de luz con maior consumo das edificacións.
- Unificación dos cadros de mando da Avda. D^a Fermina, integrando os dous nun novo centro de mando.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellorar a calidade dos espazos mediante a implantación de unha iluminación que cumpra os obxectivos de eficiencia enerxética e que sexan acordes ao entorno natural e patrimonio histórico.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CATRO) 4 meses.

V.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de data 01.07.2022, por tratarse dunha actuación na Ermida da Nosa Señora das Neves e no ámbito de protección integral e de amortecemento do xacemento arqueolóxico do castro do Monte da Guía (Ga36057001), autorizando as actuacións solicitadas para a mellora da iluminación do Monte da Guía coas seguintes condicións:

- As actuacións a executar limitaranse ao ámbito do Monte da Guía, excluindo o espazo inmediato arredor da Ermida da Nosa Señora das Neves.
- Calquera modificación das características descritas neste informe ou outra intervención que se queira engadir, deberá ser novamente sometida a informe pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. En tal caso, na nova proposta deberán detallarse claramente as obras a realizar, tendo en conta os criterios de conservación de materiais, elementos construtivos característicos e integración na paisaxe.
- Previo ás obras, para poder valorar arqueoloxicamente o subsolo afectado polas obras pretendidas, deberá ser presentado, para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, un Proxecto de sondaxes arqueolóxicas manuais, realizado por arqueólogo/a competente, de acordo co establecido polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. En función dos resultados das sondaxes poderían requirirse actuacións arqueolóxicas complementarias. No caso de que se localizasen restos arqueolóxicos inmoables, merecentes de ser conservados in situ, podería ser necesario facer modificacións no proxecto.

Asemade, consta tamén no expediente, resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 21.02.2023, pola que se autoriza o proxecto de sondaxes arqueolóxicas para o proxecto de mellora da iluminación do Monte da Guía, coa afección dos xacementos de Castro do Monte da Guía (GA36057001).

VI.- A Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos e a Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en datas 07.03.2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O planeamento vixente, Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, así como o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) e a Revisión de Plan Xeral de Ordenación Municipal coa aprobación inicial, que conforman o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, nesta

documentación se clasifica o solo de actuación dentro das aliñacións do sistema viario marcado dentro do solo urbano non consolidado da área remitida do Plan Especial de protección PEP IV-14 MONTE DA GUÍA.

Para dar servizo de iluminación o eléctrico a varias edificacións, parte das obras deberán localizarse dentro de dicho solo, regulado por la ordenanza 3.1.A “ZONAS VERDES E LIBRES. Parques e Xardíns” Segundo o art. 3.2.3.2.B do PGOU93 o vial no cal se localizan as actuacións está catalogado como de tipo IV: Estrada Local.

O ámbito de actuación está afectado por zonas de Patrimonio cultural, polo que para o deseño dos puntos de luz e os cadros de mando, seguironse os requirimentos do Servicio do Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, educación e Universidade. O Concello de Vigo realizará previamente á execución das obras a actuación de sondaxes arqueolóxicas manuais autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

As actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Ley 21/2013, de 9 de decembro, de evaluación ambiental, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.



Concello de Vigo

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “**MELLORA DA ILUMINACIÓN DO MONTE DA GUÍA**”, redactado polos Enxeñeiros D. Julio Roberes de Cominges e D. Hugo García Carro, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS NOVENTA E CINCO MIL ONCE EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (395.011,45€), e con sinatura dixital de data 16 de decembro de 2021.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(179).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL FASE 1B (ENTRE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA CAMALEÓN E PUNTA DE SAMIL)”. Expte. 5912/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 08/03/2023, dáse conta do informe-proposta data 08/03/2023, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 06.02.2023, autorizou o contrato menor e o gasto para a redacción dos proxectos de recuperación do sistema dunar na Praia

de Samil, Fase 1.A. e Fase 1.B., (entre concesión administrativa Camaleón e Punta de Samil) no Concello de Vigo a favor da empresa INCAT Infraestructuras, S.A.

II.- Pola empresa INCAT INFRAESTRUCTURAS, S.A, presenta, trala fase de supervisión e informes proxecto de “RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL, FASE I (ENTRE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA CAMALEÓN E PUNTA DE SAMIL)”, redactado polo equipo multidisciplinar formado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Manuel Cameáns Rodríguez, a Arquitecta Dna. M^a Elena Santoro Prieto e o Enxeñeiro Civil D. Anxo Rodríguez Ramos, cun orzamento base de licitación máis IVE de IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS UN MIL VINTE E UN EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (1.801.021,18 €), de data febreiro de 2023 e asinado dixitalmente en data 14 de febreiro de 2023.

III.- O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e Infraestructuras, en data 15.02.2023, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Técnico de Administración Xeral, con data 16.02.2023 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A Fase 1B de acondicionamento da avenida discorre en paralelo ao proxecto da Fase 1A de recuperación do sistema dunar, complementando a recuperación ambiental da praia co tratamento urbano do bordo costeiro.

A área de actuación municipal (Avenida de Samil) Fase 1B é de 14.161,32 m.

As actuacións de acondicionamento e humanización dos 450 metros da avenida de Samil comprendidos entre o acceso ao paseo da praia de la Fuente e o actual acceso á pista de patinaxe contempladas no proxecto son as seguintes:

- Terminación da sección tipo da avenida no seu lado de terra, completándoa cos elementos que faltan para constituír un tramo urbano accesible:

- Construción de banda de aparcamento en oblicuo de 4.60 metros de ancho.
- Construción de beirarrúa de 2.50 metros de ancho, actualmente inexistente. A beirarrúa inclúe un caz para recoller as augas de choiva, actualmente inexistente.

- Reforma da beirarrúa ao lado da praia, substituíndo o pavimento actual por un drenante e regularizando a súa xeometría para que teña un ancho constante de 6.00 m, de forma que constituía unha saída natural e continuación do novo paseo exposto na Fase 1A.

- Eliminación de especies alóctonas ao longo do trazado da avenida no lado praia. A tala dos plataneiros existentes permite ademais regularizar a beirarrúa – paseo e os aparcamentos. Ao longo da nova beirarrúa no lado do piñeiral proxéctase a plantación de pinus pinaster, para poder talar nun futuro a fila de plátanos comúns que existen no piñeiral acompañando á beirarrúa. Todos os plataneiros comúns existentes ao longo do muro da pista de automodelismo serán conservados e construírse un alcorque de 1x1 m para cada un das árbores.

- Inclusión de pasos de peóns elevados para acougar o tráfico e facilitar a accesibilidade dos



Concello de Vigo

peóns. A posición dos pasos de peóns axústase ao deseño do novo paseo marítimo da Fase 1A, dando continuidade aos itinerarios peonís.

- Redefinición da glorieta existente no tramo, de forma que queden canalizados todos os movementos e o illote central. Inclúense un elemento visual no centro da glorieta (cardumen de sardiñas en arte topiario).

- Renovación da iluminación, substituíndo o báculos con luminarias de vapor de sodio de alta presión por columnas con lámpadas LED de alta eficiencia enerxética.

- Substitución de instalacións xerais obsoletas ou que finalizaron a súa vida útil e que discorren enterradas baixo a Avenida de Samil:

- . Colector de saneamento ovoide de 600 x 900 mm no lado praia, que actualmente recolle parte do caudal dos baños públicos situados na entrada de Praia dá Fonte e os sumidoiros da zona. Este colector atópase en moi mal estado de conservación, polo que será necesaria a súa demolición e retirada completa.

- . Colector HC Ø400 mm procedente do Camiño Garita e que conecta co Colector de Marxe de Ría. Atópase en moi mal estado de conservación, polo que será renovado dentro do ámbito de proxecto.

- . Tubaxe de abastecemento de fibrocemento Ø 250 mm. no lado terra que discorre desde a rotonda co Camiño Garita cara á Avenida Atlántida. Superou a súa vida útil e presenta numerosas avarías, con graves consecuencias no pavimento e importantes danos materiais a terceiros. É necesario a súa substitución por unha nova tubaxe de Fundición Dúctil Ø 250 mm.

- . Tubaxe de abastecemento de fundición Dúctil Ø 60 mm. na beirarrúa lado mar. Superou a súa vida útil e é necesario a súa substitución por unha nova tubaxe de Fundición Dúctil Ø 100 mm, incluíndo o cruzamento da calzada próximo á rotonda ata a súa conexión coa tubaxe Ø 250 mm. Nesta tubaxe renovada instalaranse as bocas de rega, así como as acometidas para os baños públicos e para o novo local de hostalería.

- Dotación de redes de servizos para o tramo de Avenida obxecto do proxecto e para o novo paseo marítimo da Fase 1A que discorre en paralelo á actuación:

- . Renovación e ampliación da drenaxe da Avenida de Samil mediante sumidoiros conectados a colectores xerais.

- . Rede de saneamento: Conexión dos baños públicos e da parcela do futuro chiringuito á rede de saneamento existente.

- . Rede de abastecemento con bocas de rega ao longo de toda a avenida por ambas as marxes.

- . Rede de rega: conexión á rede de rega da Fase 1A para subministración de auga ás

instalacións de rega da glorieta.

. Liña eléctrica aérea de baixa tensión que alimenta servizos do paseo marítimo. Sotérrase baixo a beirarrúa ao lado praia para continuar dando o mesmo servizo.

. Electricidade e iluminación. Proxéctase unha nova rede eléctrica para a nova iluminación da avenida. Substitúense tamén os cadros de mando e protección, que contemplan as derivacións necesarias para a rede de iluminación do paseo da Fase 1A.

- Ao longo de todo o paseo dispóñense bancos de madeira e fundición equipados con respaldo. Instalaranse papeleiras ao longo da beirarrúa da avenida de Samil, cada 50 m.

- Inclúese no proxecto toda a sinalización viaria necesaria para a circulación de vehículos e peóns ao longo da Avenida de Samil.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 9 (NOVE) meses.

VI.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emiten en data 07.03.2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“Tanto o PGOU93, como o anulado PXOM08, o IMPOV19 e o novo PXOM contemplan o terreo situado entre a Avenida de Samil e o deslinde do dominio público marítimo terrestre como zona verde e libre, coas distintas denominacións que a lexislación de cada momento contemplaba.

No aspecto urbanístico as obras propostas son compatibles co planeamento vixente e co futuro PXOM. Estas actuacións non alteran as condicións de uso do ámbito, nin se prevén aproveitamentos urbanísticos de ningún tipo, cumpríndose todas as previsións do planeamento para a área de actuación e non se xera ningún tipo de aproveitamento urbanístico, polo tanto non altera as condicións existentes.

Dispón das autorizacións e se inclúen no Anexo nº5: Coordinación con outros Organismos, coas correspondentes resolucións que seguen:

_ Autorización do proxecto por parte do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

_ Autorización do proxecto por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

_ Informe favorable do Servizo Provincial de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia.

_ Resolución da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de



Concello de Vigo

aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL FASE 1B (ENTRE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA CAMALEÓN E PUNTA DE SAMIL)”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Manuel Cameáns Rodríguez, pola Arquitecta Mª Elena Santoro Prieto e polo Enxeñeiro Civil D. Anxo Rodríguez Ramos,

cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS UN MIL VINTE E UN EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (1.801.021,18 €), de data febreiro de 2023 e asinado dixitalmente en data 14 de febreiro de 2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(180).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez